

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

SUPOSTO PRÁCTICO I

Don Federico Jiménez é profesor da USC e accedendo a un dos espazos reservados e sinalizados de aparcamento existentes, ao situar o vehículo moi preto da entrada non é capaz de ver a posición da pilona que restrinxе o paso e que está programada para volver á súa posición pasados dez segundos, aínda que conta cun mecanismo de bloqueo se detecta un vehículo sobre ela. Ao acceder ao recinto, a pilona levántase e rompe o cárter do vehículo. Curiosamente, ese mesmo día, noutra zona de aparcamento distinta, un profesor xubilado que viña visitar aos antigos compañeiros aproveita que a pilona está baixada polo paso doutro vehículo para entrar co propio e sofre un dano no seu coche semellante ao de Don Federico Jiménez. Con independencia destes feitos, a Universidade xa pensara colocar uns semáforos para indicar a posición da pilona, cunha estimación de custo de 35.000 euros que se prevé incluir nos orzamentos do próximo exercicio.

CUESTIÓNS:

1. Valore razoadamente se Don Federico Jiménez e o profesor xubilado poden obter algún tipo de indemnización ou compensación polos danos sufridos nos seus vehículos.
2. No seu caso, explique o procedemento que deberían seguir para solicitar a compensación correspondente e determine se poderían existir diferenzas procedementais en ambos os casos.
3. Con relación á colocación dos semáforos nas zonas de aparcamento, explique cal sería a tipoloxía contractual procedente e valore a posible celebración do contrato antes da aprobación dos orzamentos nos que se incluirá a previsión de gasto.
4. Se a Universidade tivese sospeita de que existiu unha actuación neglixente por parte do funcionario responsable do mantemento do sistema, de que instrumento podería valerse para obter a información precisa con carácter previo á apertura dun expediente disciplinario? Se finalmente decidise iniciar un expediente disciplinario, como se iniciaría o procedemento e cales serían as súas fases e os suxeitos que intervirían?
5. Unha vez iniciado o referido expediente sancionador, o funcionario investigado comparece no servizo no que traballa vostede, acompañado do seu fillo graduado en Dereito, coa intención de que actúe no seu nome no desenvolvemento do procedemento e sen documentación algunha que acredite dita decisión. Indique como debería proceder vostede e redacte o documento que resulte preciso.

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

SUPOSTO PRÁCTICO II

A Universidade de Santiago de Compostela encarga a un arquitecto a redacción dun proxecto de obras que contemple unha serie de actuacións coa finalidade de converter un dos seus vellos edificios nunha cafetería. O devandito encargo leva aparellada a dirección facultativa das obras.

Para financiar a execución das obras, a Universidade obtivo unha subvención do Ministerio de Industria que cubriría parcialmente os custos e está a analizar a posibilidade de presentar outra solicitude de subvención no marco do programa Horizonte Europa, co obxecto de completar o financiamento necesario para levar a cabo as obras.

Pola súa banda, o proxecto de obras resultante recolle os traballos para realizar, consistentes basicamente na demolición e reconstrucción parcial do edificio existente e a súa posterior redistribución e acondicionamento interior para a súa posta en uso.

Con todo, debido á conveniencia de acelerar ao máximo a execución das obras para xustificar a subvención concedida polo Ministerio de Industria, decídese dividir as obras descritas en dous proxectos a fin de diminuír o seu importe para eludir os requisitos de publicidade e proceder á súa pronta adxudicación. Así, un primeiro proxecto contemplaría únicamente os traballos de demolición e reconstrucción parcial da estrutura, mentres que o segundo proxecto incluiría as restantes obras necesarias para a posta en uso do edificio. No prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación contemplábanse como criterios para a adxudicación do contrato o menor prezo e a maior experiencia das empresas candidatas na execución de obras similares.

Finalizado o prazo previsto para a presentación de ofertas, constátase a presentación dunha única oferta por parte de "Construccións Vicente, C.B.", que resulta adxudicataria do contrato. Con todo, dado o baixo importe da oferta, o órgano de contratación da Universidade resolve condicionar a adxudicación a que se preste unha garantía complementaria do 5% do prezo final ofertado.

Iniciada a execución do contrato e como consecuencia da demolición do inmoble obxecto da actuación, derrubouse parcialmente o edificio lindeiro, de propiedade particular. Efectuadas as correspondentes investigacións, comprobouse que o edificio referido apoiaba o seu peso no de propiedade da Universidade, circunstancia que non foi tida en conta polo arquitecto redactor do proxecto, que xustifica a problemática descrita argumentando que os escasos honorarios pactados coa Universidade non lle permitían efectuar unhas adecuadas comprobacións do estado da estrutura do inmoble.

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

CUESTIÓNS:

1. Cualifique a relación xurídica do arquitecto coa Universidade e o réxime xurídico polo que se rexería esta relación.
2. Analice a viabilidade de presentar unha solicitude de subvención no marco do Programa Horizonte Europa para executar o proxecto de obras.
3. Determine e examine os problemas xurídicos expostos en relación co procedemento de contratación das obras e analice a súa legalidade.
4. Analice as posibles responsabilidades dos diferentes suxeitos que interveñen na obra e derivadas do derrube do edificio lindeiro.
5. Que consecuencias poderían ter estas actuacións sobre a subvención que a Universidade recibiu do Ministerio de Industria?

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

SUPOSTO PRÁCTICO III

Convócanse por Resolución reitoral do 23 de xaneiro 2021 probas selectivas para a contratación de 3 traballadores do cadro de persoal laboral fixo da USC. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, na lista provisional de admitidos aparecen como tales todos os aspirantes que presentaron solicitude, elevándose a dita relación a definitiva.

Unha vez celebradas as probas selectivas, o aspirante con mellor puntuación non seleccionado (Don Francisco Barro) presenta unha reclamación contra a proposta provisional de aspirantes seleccionados na que solicita que se lle valoren méritos que a convocatoria, publicada 6 meses antes, non recolle como valorables, sinalando que a convocatoria non é acorde a dereito. No mesmo escrito presenta recusación contra un membro da comisión de selección indicando que é parente en segundo grao de consanguinidade do terceiro aspirante seleccionado (Don Luís Arena), polo que solicita se anule a proposta respecto dese terceiro candidato seleccionado e se lle contrate a el.

Unha vez asinados os contratos detéctase que a segunda aspirante seleccionada (Dona Catalina Fortaleza), na que non concorren causas de exención de abono de taxas de exame, tampouco tiña presentado xustificante do seu abono, sendo isto, segundo a convocatoria, causa de exclusión do proceso selectivo.

Constátase tamén, unha vez asinados os contratos e como consecuencia dunha denuncia, que ao primeiro seleccionado (Don Álvaro Núñez), a pesar de realizar unha declaración responsable de estar en posesión do título académico preceptivo correspondente, e ser requerido para que o acredeite, quédalle por superar o Traballo Fin de Grao para finalizar os estudos correspondentes.

O segundo aspirante con mellor cualificación non seleccionado (Don Pablo Rodríguez), unha vez concluído o proceso selectivo, sen ser membro da comunidade universitaria, presenta un escrito dirixido ao Reitor por acoso sexual contra a presidenta da comisión de selección, a quen sinala como responsable da súa cualificación ao non acceder ás pretensíons desta.

CUESTIÓNS:

1. Cualifique e indique os aspectos que han de terse en conta para resolver a reclamación de Don Francisco Barro, así como normas de aplicación e o sentido da resolución.
2. Redacte o pé de recurso e sinatura que debería incluír o texto da convocatoria da RR do 23 de xaneiro de 2021 de selección de PAS Laboral ditada polo Xerente por delegación de competencias.
3. Analice como debería procederse en relación coa contratación de Dona Catalina Fortaleza.
4. Indique como debe proceder a Universidade en relación coa contratación de Don Álvaro Núñez e se tal proceder sería diferente se en lugar de ter asinado o contrato tomase posesión como funcionario carecendo do título necesario.
5. Indique que actuacións debería seguir a USC en relación coa denuncia de Don Pablo Rodríguez.

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

SUPOSTO PRÁCTICO IV

A USC convoca probas selectivas para cubrir prazas na escala de xestión do subgrupo A2, nas que solicita participar Don Anselmo Suárez cumplimentando o modelo de solicitude correspondente. O 16 de xuño de 2022 publícase a relación provisional de admitidos e excluídos das citadas probas, nas que Don Anselmo Suárez aparece excluído por non cumplir un dos requisitos esixidos, en concreto por non posuér a titulación necesaria. Nesta resolución, onde se publica a lista provisional, concédese un prazo de 10 días hábiles para correccións e reclamacións. Don Anselmo Suárez diríxese á USC mediante un escrito que presenta na sede electrónica do Concello de Santiago con data 4 de xullo de 2022 e que cualifica de recurso de reposición contra a lista provisional do 16 de xuño de 2022, non xustificando o seu dereito para ser incluído na lista de admitidos. O 20 de xullo de 2022 notifícase a Don Anselmo Suárez a contestación á súa petición declarando a inadmisibilidade do recurso, aínda que a USC, co fin de non prexudicar ao interesado, internamente dá ao escrito do recorrente a tramitación dun escrito de solicitude de corrección do defecto que motivara a súa exclusión, aínda que a solicitude é desestimada ao non acreditarse o cumprimento do requisito esixido.

O 5 de setembro de 2022 apróbase a relación definitiva de admitidos e excluídos, excluíndose definitivamente das probas selectivas a Don Anselmo Suárez. Na Resolución que aproba as relacións de admitidos e excluídos prevese que contra esta pode interpoñerse potestativamente recurso de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo. Don Anselmo Suárez presenta recurso de reposición o día 20 de setembro de 2022 e solicita a suspensión da execución do acto administrativo recorrido. En idéntica data e, por tanto, sen existir resolución do recurso de reposición, formula ademais recurso contencioso-administrativo contra o devandito acto, solicitando así mesmo como medida cautelar a suspensión da execución da resolución do 5 de setembro de 2022 pola que tamén se publicaba a convocatoria do primeiro exercicio do proceso selectivo. O recurso de reposición interposto o 20 de setembro de 2022 é desestimado o día 10 de outubro de 2022 e notificada a súa resolución o 25 de outubro do mesmo ano. Con data 8 de novembro de 2022, non tendo sido resolto o recurso contencioso administrativo mencionado, Don Anselmo Suárez interpón recurso extraordinario de revisión alegando que tivo coñecemento dunha sentenza da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se recoñeceu a outra persoa a validez da mesma titulación que el posúe para poder participar nunhas probas selectivas de iguais características ás que el pretende acceder. Este recurso extraordinario de revisión declarárase inadmissible ao non darse as circunstancias establecidas na lei.

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

CUESTIÓNS:

1. Analice todos os aspectos xurídicos da admisión do recurso de reposición presentado contra a lista provisional.
2. En caso de ser inadmitido o recurso presentado en xullo ás listas provisionais, podería Don Anselmo Suárez acudir directamente á xurisdicción contencioso-administrativa en protección de dereitos fundamentais? Argumente a resposta.
3. Analice as posibilidades da suspensión solicitada por Don Anselmo Suárez o día 20 de setembro xunto co recurso contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos.
4. Indique a admissibilidade do recurso contencioso, así como o órgano xurisdiccional que, de ser admisible, sería o competente para coñecer do mesmo. Analice tamén a validez do argumento esgrimido por Don Anselmo Suárez ao interpoñer o recurso extraordinario de revisión.
5. Don Anselmo Suárez cando comproba que non está na lista definitiva de admitidos solicita, o 6 de setembro de 2022, o acceso a todo o expediente do proceso selectivo. Indique o sentido da contestación á devandita petición e redacte a súa fundamentación.

4º Exercicio, 13 de xaneiro de 2023

SUPOSTO PRÁCTICO V

A Sra. Álvarez, graduada en Economía pola UDC e doutora pola USC, foi nomeada funcionaria interina da USC do grupo C, subgrupo C1, o 1 de xuño de 2021 ocupando unha praza vacante do mesmo subgrupo e escala. O 1 de outubro de 2021, a Sra. Álvarez adquire a condición de funcionaria de carreira na escala administrativa, grupo C, subgrupo C1, obtendo como destino un posto de Responsable de Unidade de Xestión de Centros e Departamentos.

Durante o desempeño do seu posto, a candidata a decana -profesora titular da Facultade- proponlle que se sae elixida nomearíaa secretaria da facultade compatibilizando este cargo co seu posto. Tamén lle informa de que, se non resulta elixida, presentaría a súa candidatura a Reitora co que, dado o doutoramento en Economía Pública da Sra. Álvarez, de saír elixida, nomearíaa Xerenta. Ante a incerteza destas dúas posibilidades, a Sra. Álvarez, solicita que se lle inclúa no censo da Xunta de facultade alegando a súa condición de membro nato por ser doutora.

O Sr. González, físico, foi contratado o 1 de abril de 2021 pola USC e continúa, como persoal laboral temporal de administración e servizos, en horario de tarde coa categoría de titulado superior, para substituír ao Sr. Pérez, persoal laboral fixo. En maio de 2021, o Sr. González asinou un contrato como profesor asociado, en horario de mañá e adscrito ao Departamento de Física da USC. No mes de febreiro de 2022 impartiu un curso na EGAP de tres horas á semana para funcionarios, en horario de mañá.

A Sra. Álvarez e o Sr. González, por RR de xullo de 2022, foron designados secretaria, con voz e sen voto, e presidente da comisión do proceso selectivo para cubrir dúas prazas de persoal laboral, radiofísico de laboratorio da USC, sendo inmediatamente recusados por unha aspirante quen alega que están incursos en causa de abstención, amizade íntima, ao ser de coñecemento público a condición de parella feito de ambos os membros do tribunal.

A Sra. Álvarez e o Sr. González casaron en agosto de 2022 e tiveron un fillo en outubro de 2022.

CUESTIÓNS:

1. Analice as dúas propostas que recibe a Sra. Álvarez en relación cos fundamentos legais, procedementos e competencias para ser nomeada para tales cargos.
2. Responda motivadamente se debe ser atendida a petición da Sra. Álvarez en relación co censo de membros da Xunta de facultade.
3. Explique detalladamente o réxime xurídico dos contratos coa USC do Sr. González, a compatibilidade entre os mesmos e a destes coa impartición do curso para funcionarios na EGAP.
4. Redacte o fundamento da Resolución que estime ou desestime a recusación da Sra. Álvarez e o Sr. González.
5. Describa os permisos, licenzas e vacacións, con indicación da normativa de aplicación, que poden solicitar a Sra. Álvarez e o Sr. González con motivo do matrimonio e do nacemento do fillo en común.

